

1 IDENTIFICACIÓN DE OPORTUNIDADES

Durante os últimos anos, a tecnoloxía incrementou o seu protagonismo na nosa vida diaria. A variada oferta de dispositivos e aplicacións pode xerar problemas de espazo e compatibilidade. Xorde así unha nova necesidade dos usuarios que demandan solucións simplificadas e integradas.

Por outra banda, colectivos con necesidades especiais, como anciáns ou persoas con discapacidade, tamén requiren novos desenvolvementos. Propostas que melloren a súa autonomía ou monitoricen información son retos actuais neste ámbito.

Neste escenario, a Axencia Galega de Innovación (Gain) a través do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (CIS-Madeira) organiza a xornada “**Mobiliario Intelixente: Identificación de oportunidades**”. Nela expoñeranse distintas posibilidades tecnolóxicas e desenvolvementos específicos para o sector do moble, á vez que se presentan casos de éxito.



Xoves 2 de xullo de 2015
Salón de actos do edificio CEI
Parque Tecnolóxico de Galicia



Dirixido a emprendedores e responsables de dirección, produto ou innovación.



Identificar oportunidades de negocio e posibles colaboradores.
Promover a realización de novos proxectos de innovación.
Explorar novos escenarios e produtos: mobiliario intelixente, equipamento de hospitais ou xeriátricos, propostas Contract.

RELATORES

CITIC – AtlantTIC – CiTIUS. O CITIC de A Coruña, o AtlantTIC de Vigo e o CiTIUS de Santiago son os Centros de referencia en Investigación sobre Tecnoloxías da Información e a Comunicación nas tres Universidades Galegas.

Rafael Maestre Ferriz. Doutor en CC. Físicas, área Arquitectura de Computadores. Desde 2008 traballa no *Centro Tecnolóxico del Mueble y la Madera de la Región de Murcia* (CETEM). O seu departamento está especializado en sistemas embebidos electrónicos, redes de sensores, intelixencia ambiental, contornas de vida asistida (AAL), eSaúde non intrusiva e monitorización de comportamento.

Jorge Seoane Brandariz. Enxeñeiro de Telecomunicación. Dende 2009 traballa no Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG). O centro ten experiencia en investigación, desenvolvemento e aplicación de redes de sensores inalámbricos de baixo custo, que permiten diversas aplicacións de monitorización e control.

João Gaspar. Doutoramento en Enxeñería Física Tecnolóxica. Dende 2011 traballa no *International Iberian Nanotechnology Laboratory* (INL). Este centro é unha organización intergubernamental creada para fomentar a investigación interdisciplinaria en Nanotecnoloxía e Nanociencia.

PROGRAMA

9:30 - 9:50	Recepción de participantes
9:50 - 10:00	Inauguración da xornada
10:00 - 11:00	O Internet das cousas - internet dos mobles CITIC - AtlantTIC - CiTIUS
11:00 - 11:30	Novos conceptos de Mobiliario Intelixente para eSaúde e mellora da vida diaria Rafael Maestre Ferriz. Responsable do Área de Electrónica e Domótica - CETEM
11:30 - 12:00	Coffee break
12:00 - 12:30	Mobiliario multisensorial para servizos asistenciais e envellecemento activo Jorge Seoane Brandariz. Enxeñeiro do Área de Sensórica e Comunicacions - ITG
12:30 - 13:00	Micro e Nano Solucións para mobiliario intelixente de valor engadido. (Relatorio en inglés) João Gaspar. Coordinador de NanoFabricación e Procesos - INL
13:00 - 14:30	Reunións B2B

PÍLULAS DE INNOVACIÓN DIRIXIDAS AO SECTOR DO MOBLE E AFÍNS

ESTÁN PREVISTAS TRES PÍLULAS DE INNOVACIÓN DIRIXIDAS AO SECTOR DO MOBLE E AFÍNS:



IDENTIFICACIÓN DE OPORTUNIDADES

Explorar novos escenarios e produtos, con especial atención á integración de tecnoloxía no mobiliario.



DESENVOLVEMENTO DE PRODUTO

Presentar novos modelos de desenvolvemento de produto, como o ecodiseño ou as técnicas de deseño centrado no usuario.



ENXEÑARÍA DE PRODUTO E DE PROCESO

Presentar as novas posibilidades de fabricación, tanto a nivel de materiais como de tecnoloxías dispoñibles.



As Pílulas de Innovación son iniciativas focalizadas en temas demandados polo sector que buscan solucións a retos concretos.

O seu obxectivo é divulgar as novidades relevantes para a industria, presentar as capacidades dispoñibles e promover o desenvolvemento de novos proxectos de innovación.